

# Pola comarcalización efectiva del Navia-Eo

↓ José Ramón Martínez Castro

*Abrimos as páxinas da revista pra un artículo d'opinión de José Ramón Martínez Castro, un rapaz novo das Figueiras qu'é Secretario d'Organización en Asturias das mocedades del Partido Socialista. Col sou empeño y el da agrupación de Castripol llogróu qu'el gallego-asturiano fora oficial dentro da organización en pé d'igualdá con castellano y asturiano. Agora, estatutariamente, tamén ten a denominación na nosa fala: Socialistas Novos d'Asturias. Martínez Castro quer dar ideas pral debate sobre cuál poda ser a miyor articulación dos conceyos del Navia-Eo pra favorecer a súa medría económica y tamén cultural.*

**L**evamos vinte anos de goberno democrático, vinte anos de goberno en democracia y algún menos de desarrollo estatutario autonómico. Este desarrollo, se ben nun ta del todo realizado –y menos na nosa autonomía, de vía lenta–, dá xogo a que d'úa vez por todas se proceda á comarcalización efectiva d'Asturias. Anque é este un debate que xa vén de lonxe, é un debate nel que quizáis ainda nun afondamos abondo.

De todas as comarcas d'Asturias, de todos os nosos conceyos, son os del Navia-Eo os que miyor tán preparados pra realización d'úa comarca real, y nun quero pecar con eso d'egocéntrico senón qu'é úa realidá apalpable. Apalpable dende el punto de vista cultural, económico, pero sobre todo, dende el punto de vista social.

Culturalmente é innegable a nosa diferenciación del resto da Comunidá, a nosa cultura propia y diferenciativa, y non sólo nel tema da fala, senón noutros d'igual calado. Pero é esta cultura a que dá paso á nosa diferenciación social activa.

Os habitantes del Navia-Eo tein sentimento de comarca debido principalmente a esa diferenciación cultural pero debido tamén a outros temas como pode ser el sentimento de terra esclusiva que nos levóu dende hai anos a sintirmos distintos das outras terras que nos arrodían: por un lado a Galicia normalizada, y por outro úa Asturias diferenciativa pero que nun asimila a existencia da nosa comarca como propia.

Esto leva al asturiano del Navia-Eo a sentirse un asturiano diferente, un asturiano marxinado en ocasióis por etnocentrismos procedentes d'úa ignorancia atroz y qu'ás veces nos leva a desvincularnos voluntariamente da sociedá asturiana.

Ta claro qu'úa comarcalización que reforzase ese sentimento diferenciador iba valer, como xa pasóu noutras comarcas, pra lograr úa integración de verdá da nosa comunidá nel Principado. É raro pero úa diferenciación ben orientada sirve pra formar parte d'úa comunidá más amplia qu'aposte de verdá por nosoutros.

Feito este primeiro esquema sobre lo qu'eu considero básico nel comportamiento da xente nel Navia-Eo, debemos pasar a ver qué tipo de comarcalización queremos, se é que queremos algúa.

En primeiro lugar, temos que dicir que ten que ser un nivel exclusivo y único en Asturias xa que, por todos os argumentos dados antias, a nosa comarca rezuma tintes d'exclusividá por undequera que se ye mire.

Na mía opinión, a comarcalización ten qu'esqueicerse das mancomunidades de conceyos que, anque tuvieron un

papel importante na década pasada, demostraron a súa invalidez pra funcionar correctamente tando marcadas, a nun ser honrosas escepcióis, por disputas políticas infructuosas.

É por eso polo que penso qu'a comarcalización efectiva del Navia-Eo tía que tar dirixida a un tipo de comarcalización competencial, quere se dicir, que por un lado os Conceyos y por outro a Administración Rexonal, cedan competencias directas a outros organismos esta vez de carácter comarcal verdá. É así polo que nos íbamos encontrar con un órgano con competencias educativas, culturales, económicas, etc.

A tendencia sería, debería ser, hacía úa comarca tipo El Bierzo lionés, con un marco reglamentario propio y úas competencias ben estructuradas y remarcadas. Esta administración, este executivo comarcal, tería que ser fruto d'un Consejo Comarcal, d'úa cámara subautonómica que representara de verdá os intereses dos vecíos da nosa comarca y fora escoyida por ellos cada tantos anos.

Naturalmente, esto levaríanos a pensar se ten cabida nas leis, nel estatuto d'autonomía, ou nun territorio como el noso, con sólo úas decenas de miles d'habitantes. Eu penso qu'el noso estatuto ten que dar acoyida –y de feito dála– a este tipo d'iniciativas, que deixa úa porta aberta pra úa futura modificación qu'además, neste caso, sería non mui sustancial.

Esto levaríanos a pensar noutro tipo de problemas subsidiarios pero, case sin duda algúa, sería lo miyor pra nosa comarca y a súa xente úa administración representativa, us intérpretes reales que tomen decisións dende a cercanía de vivir nel sito unde van repercutir, úa voz verdadeira de toda a xente d'acó.

El goberno socialista de Tini Areces anuncióu a creación d'úa delegación de goberno na comarca. Esto é un paso adelante pero nun é abondo: a úa delegación fáltaye capacidá de toma de decisións, de competencias, de capacidá de desarrollo de proyectos. El Navia-Eo merece sin duda algúa más, muito más, na lucha pola dinamización y el futuro del noso territorio, pos nun hai qu'esqueicer qu'el futuro taría tamén aquí en xogo.

A mía opinión pode dar lugar a discusións sobre este tema, sobre cómo debería desarrollarse, sobre se se podería ou nun se podería faer. Pero lo qu'é evidente é que nun podemos seguir zarrando os oyes a lo que todo el mundo ve. Qu'el camín del Navia-Eo ta en ser úa comarca y na unidá de todos, é innegable, pero que se teña que faer del xeito qu'eu defendo nun lo é. El debate ten qu'abrirese y comunicarse. A lo menos temos que demostrar que por ganas nun é. 